

➤ <https://udc.es/sealabhaus/>

➤ <https://sealabhaus.eu/>

SEALabHaus PROXECTOS PILOTO **BASES DA CONVOCATORIA**

**Postúlate para ser unha das Iniciativas
Piloto SEALabHaus aliñadas coa New
European Bauhaus**

Interreg
Atlantic Area



Co-funded by
the European Union



SEALabHaus PROXECTOS PILOTO BASES DA CONVOCATORIA

→ Obxectivos da convocatoria

Esta convocatoria forma parte do programa SEALabHaus, financiado a través do programa Interreg Atlantic Area. **O noso obxectivo é identificar 25 proxectos** (5 por rexión) con potencial de impacto positivo a nivel local, **dos cales se seleccionará 1 por rexión para o seu desenvolvemento posterior** mediante mentoría e promoción como Proxecto Piloto apoiado pola UE a través de SEALabHaus.

Os 5 Proxectos Piloto seleccionados poderán acceder a:

- Mentoría por parte de expertos empresariais e do NEB
- O NEB Canvas como guía para o desenvolvemento
- Intercambio internacional de experiencias e sesións formativas
- A plataforma en liña da UE SEALabHaus para maximizar a visibilidade do teu proxecto

→ Que estamos a buscar?

Buscamos **proxectos innovadores, liderados pola comunidade ou creativos**, situados en rexións costeiras da Área Atlántica. Os proxectos deben estar comprometidos coa sustentabilidade, a inclusión social e a transformación creativa.

Tanto se é unha iniciativa comunitaria de base, unha empresa privada local, unha start-up ou colectivo, unha autoridade local ou unha axencia pública, queremos saber como o teu proxecto apoia a economía costeira, a identidade cultural ou o medio natural — **tamén se aceptan propostas en fase inicial**.

→ Datás importantes

Publicación da convocatoria: 20 de xuño

Data límite para enviar o cuestionario: 21 de xullo

Anuncio dos finalistas: 30 de xullo

Data límite para o formulario detallado: 1 de setembro

Selección do xurado: 1 de novembro

→ Quen pode participar?

Iniciativas comunitarias locais / Colectivos / Autoridades locais ou axencias públicas / ONGs e cooperativas / Start-ups e empresas sociais / Proxectos consolidados, incipientes ou informais / Proxectos liderados por mozas/os e/ou mulleres / Proxectos que inclúan voces marxinadas ou pouco representadas

**Os proxectos deben ter sede ou dirixirse a comunidades costeiras dunha das rexións socias de SEALabHaus*

→ Como presentar a solicitude?

1. Descarga o **Cuestionario**
2. Cúbreo e **envíao ao correo electrónico de contacto da túa rexión***
3. Achega calquera material adicional (imaxes, PDFs, vídeos) se é relevante

Envía o cuestionario ao correo facilitado polos socios locais. Para garantir a correcta identificación das solicitudes, o asunto do correo debe incluír o seguinte texto:

"SEALABHAUS PILOT PROJECTS OPENCALL SUBMISSION_*NOME DA ORGANIZACIÓN*"

Pregámosche que sigas esta indicación de forma estrita para facilitar a organización e revisión das solicitudes recibidas.

***Correos de contacto rexionais:**

- Irlanda: localenterprise@meathcoco.ie
- Francia / Bretaña: gwladis.le-roux@brest-metropole.fr
- España / Galicia: proyectos@medatlantia.eu
- Portugal: geral@adelo.pt
- España / Canarias: sealabhauscanarias@gmail.com

**Admítense solicitudes en inglés, portugués, francés ou castelán. Para axuda, contacta co correo rexional correspondente.*

→ Criterios de selección

Os proxectos serán seleccionados en función de:

- Relevancia no contexto costeiro local
- Potencial de impacto social e/ou ambiental
- Preparación para o desenvolvemento mediante mentoría
- Disposición para aplicar os valores da Nova Bauhaus Europea
- Prioridade para proxectos liderados por mozas/os, mulleres e persoas con discapacidade

→ Proceso de avaliación

1. Cada socio rexional designará un xurado local para seleccionar os proxectos preseleccionados
2. Cada rexión nomeará entre 1 e 2 persoas expertas para formar parte do xurado
3. O xurado de cada socio rexional revisará os formularios dos proxectos preseleccionados e seleccionará o proxecto final da súa rexión
4. A avaliación final será acordada co MCC (Meath County Council) co apoio de MEDA (Medatlantia) e da Xunta de Galicia

→ Apoio aos proxectos seleccionados

- Cada proxecto piloto seleccionado **contará cun mentor local** asignado na súa rexión ata 2026
- O líder de cada proxecto piloto e o seu mentor especializado serán **convidados a participar nunha formación de mentores que terá lugar en Irlanda en novembro de 2025**
- O líder do proxecto e o mentor local manterán reunións trimestrais durante 2026 para facer seguimento e apoiar o desenvolvemento e implementación do proxecto
- Ofrecerase **formación sobre o NEB Canvas**, desenvolvido polo proxecto europeo SEALabHaus, a todos os líderes dos proxectos piloto
- **Alta visibilidade** para cada proxecto seleccionado
- O proxecto recibirá unha **avaliación crítica especializada** que axudará a incrementar o seu potencial de éxito